

Procedemento: TR350E

Norma reguladora: Orde do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 - 2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025

Nº expediente: TR350E-2025-00000116-00

Entidade: CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUIN

NIF: P3205300A

Asunto: Resolución de concesión da axuda.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data **22/09/2025**, a entidade **CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUIN**, con NIF nº P3205300A, presentou unha solicitude de subvención consonte aos criterios recollidos no artigo 8 da Orde de convocatoria.

SEGUNDO.- Esta axuda esta cofinanciada nun 60% pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 – 2027, dentro do Obxectivo político 4 "Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais", Prioridade 5 "Emprego xuvenil", Obxectivo específico ES04.1. "Mellorar o acceso ao emprego e a medidas de activación de todas as persoas demandantes de emprego, e en particular das persoas mozas, especialmente a través da aplicación da Garantía Xuvenil, dos desempregados de longa duración e os grupos desfavorecidos no mercado laboral, e das persoas inactivas, así como mediante a promoción do emprego por conta propia e a economía social", e Medida 5.A.02. "Facilitar a mellora da empregabilidade das persoas mozas desempregadas".

Nesta convocatoria incorpórase o uso de opcións de custos simplificados conforme ao disposto no Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

A aplicación orzamentaria de referencia é 14.02.322C.460.01 (código de proxecto 2025 00118).

TERCEIRO.- Analizada a devandita solicitude, tanto a entidade solicitante como os servizos que vai a prestar axústanse aos requisitos establecidos na Orde de convocatoria.

Ao tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, a solicitude achegada pola entidade acadou a puntuación mínima necesaria para poder ser beneficiaria da subvención, consonte aos criterios de avaliación establecidos nos artigos 14 e 28 da Orde de convocatoria.

Logo da correspondente fiscalización e dado que a solicitude se achegou en prazo hábil e cumpre todos os requisitos esixidos na orde de convocatoria, procede conceder a subvención.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A competencia para resolver a concesión ou denegación da axuda, mediante resolución motivada e individualizada, corresponde á secretaría xeral de Emprego e Relacións Laborais, por delegación do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, segundo o establecido no artigo 15 e na disposición adicional primeira da Orde de convocatoria.

SEGUNDO.- Esta resolución de concesión emítese tendo en conta as manifestacións contidas na declaración responsable recollida no formulario de solicitude, subscrita pola persoa asinante, baixo a súa responsabilidade e coas repercusións reguladas no artigo 69.4º da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O cumprimento dos requisitos esixidos comprobarase con posterioridade á concesión.

TERCEIRO.- Na tramitación deste expediente observáronse os requisitos e prescricións legais establecidas.

Vistos os preceptos indicados e demais de xeral e pertinente aplicación,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Conceder a CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUIN a axuda solicitada segundo a Orde de convocatoria, equivalente aos custos salariais das persoas traballadoras contratadas mais a cotización empresarial á Seguridade Social derivada do devandito salario, consonte coa seguinte desagregación:

Número de traballadores	Grupo de Cotización	CNO	Duración do con- trato (meses)	Xornada laboral (%)	Contía da subvención
1	2	3613	9	100%	18.970,11

Importe Total: 18.970,11

Todos os contratos de traballo serán subscritos marcando a opción específica «interese social» que figura no punto «Datos específicos do contrato» correspondente ao contrato de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos (códigos: 406).

SEGUNDO.- Conforme aos artigos 17 e 32 da Orde, o pagamento final da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o cal foi concedida, que se xustificará mediante a **presentación ata o 30 de novembro de 2025**, nesta secretaría xeral de Emprego e Relacións Laborais, da seguinte documentación:



1- Anexo II asinado por cada unha das persoas mozas contratadas no momento da contratación: declaración na que fai constar que non traballou nin recibiu ningunha acción formativa e/ou educativa, no día inmediatamente anterior ao da selección e ao da contratación.

2- Anexo III: declaración complementaria e actualizada, do conxunto de todas as axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes, na que se declara así mesmo que se dispón do documento asinado polas persoas contratadas (segundo o modelo do anexo IV), polo que autorizan ou se opoñen á comprobación dos seus datos. O devandito documento poderá ser requirido pola administración pública en calquera momento.

3- Unha fotografía do cartel informativo en que se reflecta a súa localización, nos termos sinalados no artigo 18.2.c).

4- Acreditación, de ser o caso, do sitio web da entidade beneficiaria, no cal conste unha breve descrición da operación, cos seus obxectivos e resultados, destacando o apoio financeiro da Unión Europea.

5- Documentos de información ás persoas mozas traballadoras da subvención polo Fondo Social Europeo Plus, debidamente asinados, segundo o modelo publicado na páxina web https://conselleriaemprego.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego?content=iniciativa_0044.xml

6- Certificado de selección da persoa contratada, no modelo publicado na páxina web: https://conselleriaemprego.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego?content=iniciativa_0044.xml

TERCEIRO.- Para efectos de difusión pública, no lugar onde se realicen os servizos deberá figurar, de forma visible, cartel informativo, en modelo normalizado establecido e publicado pola secretaría xeral de Emprego e Relacións Laborais na web institucional da Xunta de Galicia no enlace: https://conselleriaemprego.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego?content=iniciativa_0044.xml, no cal constará a colaboración da Consellería e máis o cofinanciamento polo Servizo Público de Emprego, así como utilizar os documentos de información da subvención ás persoas traballadoras, no modelo normalizado na web institucional da Xunta de Galicia: https://conselleriaemprego.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego?content=iniciativa_0044.xml

Asemade, a entidade beneficiaria estará suxeita ás demais obrigas recollidas nos artigos 18 e 19 da Orde de convocatoria.

CUARTO.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.



QUINTO: Segundo o recollido no artigo 7 da Orde do 13 de agosto de 2025, estas axudas son incompatibles con outras subvencións ou axudas públicas, con independencia do seu importe, para o mesmo obxecto e finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes

SEXTO.- Notifíquese á entidade beneficiaria a presente resolución, que esgota a vía administrativa, polo que, contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante esta secretaría xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no prazo dun mes computado desde o día seguinte á súa notificación, ou presentar directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, todo iso de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración
(PD.: Orde 30-07-2024)
O secretario Xeral de Emprego e Relacións Laborais

Pablo Fernández López
(Asinado dixitalmente)

Asinado por: FERNANDEZ LOPEZ, PABLO
Cargo: Secretario Xeral de Emprego e Relacións Laborais
Data e hora: 28/10/2025 17:52:56

(*Para a presentación do recurso de reposición, lembre que ten dispoñible na Sede electrónica, dentro da pestana "acción", a opción "Recurso de reposición").

